

## **REGULAMENTO SANITARIO**

### **Procedencia:**

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para as especies receptoras que concurran o evento..

Deberán ser transportados en vehículos que cumpran as normas relativas a protección animal, limpiados e desinfectados antes da carga.

Asimesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

### **Identificación:**

Os animais que concurran o evento deberán estar identificados individualmente, mediante crotal auricular autorizados con arreglo al Reglamento (CE) 1760/2000, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

### **Programa sanitario:**

Sólo poderán concurrir o evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose y que procedan de rabaños Oficialmente Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

Ademáis, dentro dos **90 días anteriores a celebración do evento**, os animais que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Todos os animais bovinos terán resultado negativo as probas serolóxicas de detección do antíxeno da **Diarrea Vírica Bovina (BVD)**, realizadas nun **laboratorio oficial**. Nos animais menores de 5 meses de idade, a proba realizarase no cartílago auricular.
- 2) Os animais maiores de 24 meses terán resultado negativo as probas para a detección de anticorpos fronte al *Mycobacterium avium paratuberculosis* (**Paratuberculose**), realizadas nun **laboratorio oficial**.
- 3) Os animais maiores de 5 meses que asistan o certame, deberán presentar un resultado negativo as probas para a detección de anticorpos fronte a la glicoproteína gE da **Rinotraqueíte Infecciosa Bovina (IBR)** realizada nun **laboratorio oficial**.

Todos os animais que asistan serán sometidos o recoñecemento por parte dos Servicios Veterinarios Oficiais da Xunta de Galicia, que comprobarán o estado sanitario dos mesmos e a documentación sanitaria de orixe que os ampare, sendo corresponsable a organización do evento da admisión de animais que non cumpran os requisitos deste Regulamento.

As normas sanitarias deste Regulamento serán vixentes mentres a situación epizootiolóxica non cambie, estando suxeitas a posibles modificacións que serán debidamente comunicadas.